



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 06.05.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 06.05.2026, tomou os seguintes acordos:

- 1. Altas, baixas e cambios no censo de colexiación e na quenda de oficio.** Tramitáronse e aprobáronse: 1 alta como non exercente; 2 cambios de exercentes a non exercentes; 1 cambio de non exercente a exercente; 1 baixa de non exercente.
Así mesmo, acordouse unha baixa na quenda de oficio e unha alta na lista de violencia de xénero, ambas no partido xudicial de Santiago de Compostela.
- 2. Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 90 informes de honorarios para taxacións de custas: 85 de materia bancaria (nulidade de condicións xerais da contratación) e 5 sobre outras materias. Coa aprobación destes últimos ditames, levamos realizados 530 no que vai de ano e neste momento temos as solicitudes de informes ao día (só constan 9 pendentes por falta de documentación que xa foi requirida aos xulgados).
- 3. Convocatoria da asemblea territorial da Mutualidade.** Tras recibir a convocatoria da asemblea territorial dos mutualistas do noso ámbito territorial, acordouse trasladar a dita convocatoria aos nosos colexiados/as.
 - Asemblea territorial previa de mutualistas do ICA Santiago
 - Circunscrición territorial: ámbito territorial do ICA Santiago
 - Data e hora: 01.06.2026, 17.00 h
 - Horario de votación: 17.00 a 19.00 h
 - Lugar: sede principal do ICA Santiago (rúa Eduardo Pondal, 4, baixo)
- 4. Oficio do Consello Xeral do Poder Xudicial.** A Comisión Permanente do CXPX, mediante o oficio do 07.04.2026, comunicounos que entre os días 18 e 22 de maio deste ano se realizará unha visita de inspección á Sección Contencioso-Administrativa do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, prazas 1 e 2. A Xunta de Goberno acordou remitir aos colexiados e colexiadas o dito oficio para que poidan presentar as súas queixas ou reclamacións en relación coa inspección indicada e que dende o Colexio as poidamos trasladar con antelación ao CXPX.
- 5. Prazos das notificacións xudiciais.** En atención a varias queixas dos nosos colexiados e colexiadas, acordouse remitir un oficio á maxistrada presidenta do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela co fin de que se recorde a todos os xulgados que deben cumprir os prazos legalmente establecidos para levar a cabo as citacións xudiciais.
- 6. Acordo sobre a asistencia ás vítimas de violencia de xénero nos partidos xudiciais.** Ante as queixas manifestadas ante o Colexio por parte dalgún letrado/a da quenda de violencia de xénero dos partidos xudiciais de Negreira e Ordes, acordouse remitir un oficio á Comandancia da Garda Civil da Coruña para que faga chegar a todos os cuarteis do noso ámbito territorial un recordatorio sobre a necesidade de chamar o letrado/a de garda de violencia de xénero do partido xudicial correspondente para que asista as posibles vítimas no momento de interpoñer a denuncia ou de realizar a actuación inicial ante os axentes.



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2026

7. **Dilixencias de información previa.** Unha vez examinadas as correspondentes propostas de resolución, acordouse o arquivo das dilixencias de información previa 42/2025, 1/2026 e 10/2026.
8. **Outros escritos e oficios.** Atendéronse diversos escritos de colexiados/as e oficios dos xulgados en relación con cambios de avogados/as de oficio.